



Adolescentes de O Grove convértense en locutores de radio para loitar contra as inxustizas

- Mañá terá lugar a gravación dos programas de radio no IES As Bizocas
- Forman parte do proxecto **Activistas polo mundo que queremos**

Luns, 27 de febreiro de 2022. Os case 80 mozos e mozas de 3º e 4º da ESO do IES As Bizocas que participan este ano no proxecto de educación en valores "[Activistas polo mundo queremos](#)" gravarán **mañá martes 28 de febreiro** varios programas de radio para loitar contra o machismo, os abusos ambientais ou o discurso de odio contra a migración e o colectivo LGTBIQ+.

En obradoiros anteriores aprenderon o que significa ser unha persoa activista tanto na Galiza coma noutras partes do mundo. Tamén reflexionaron sobre como as ferramentas comunicativas como a radio, pódennles axudar no seu activismo. Agora os mozos e mozas, como se fosen auténticos xornalistas, tras investigar e facer os guións das súas reportaxes, locutarán e gravarán en "falso directo" os seus propios programas de radio de denuncia e transformación social.

Así o alumnado de O Grove súmase aos case 600 mozos e mozas que dende Pontevedra, Vigo, Oleiros e Coristanco participan este ano na 10ª edición de "[Activistas polo mundo queremos](#)". Un proxecto de educación para a cidadanía global que é posible grazas a unión de tres ONGDs, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) coa colaboración de Feitoría Verde e ao financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

[Activistas polo mundo queremos](#) forma parte da plataforma de innovación educativa 'Plan Proxecta', impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Parte importante deste traballo é a propia difusión, así que dende Activistas polo Mundo que Queremos convidamos aos medios de comunicación a que

compartan esta información e acudan as gravacións para darlle voz aos mozas e mozos, verdadeiros protagonistas deste proxecto.

HORARIOS DA GRAVACIÓN DO PROGRAMA RADIAL:

Martes, 28 de Febreiro no IES AS BIZOCAS: O Grove, PO-317, 79, 36988 O Grove, Pontevedra

- 8:35h a 10:15h: 4º ESO A e B
- 11:25h a 13:00h: 3ºESO B
- 13:20h-15:00h: 3º ESO A

Para máis información:

María Caride (coordinadora do proxecto): 981 243 506 / 626 913 681 (dispoñible a partir das 10:30h)

Rocío Cadahía (responsable comunicación): 605 31 60 39

Correo electrónico: omqq@agareso.org

Páxina web: <http://omundoquequeremos.org/>